

ACTA NÚMERO: 14/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 2 DE MAIO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 2 de maio de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 25 de abril de 2024 (Reunión 13/2024).*
2. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación dun seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025 (Expte.- 2024021548).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación dun seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025. (Expte.- 2024021548).*
4. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun Club de produto da lamprea do destino Condado Paradanta "Unha terra entre ríos" no ámbito do Plan de sustentabilidade turística en destino do Plan de recuperación transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generación EU. (Expte.- 2023072624).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun Club de produto da lamprea do destino Condado Paradanta "Unha terra entre ríos" no ámbito do Plan de sustentabilidade turística en destino do Plan de recuperación transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generación EU. (Expte.- 2023072624).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.



1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 25 de abril de 2024 (Reunión 13/2024).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 25 de abril de 2024 (Reunión 13/2024).

2. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación dun seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025 (Expte.- 2024021548).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 12 de abril de 2024, aprobouse o expediente do procedemento aberto para a contratación do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12 de abril de 2024. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros (NIF: A60917978).
- Caja de Seguros Reunidos, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. (CASER) (NIF: A28013050)
- Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. (NIF: A28141935)
- QBE Europe SA/NV, Sucursal en España (NIF: W0174445G)



- WR Berkley Europe AG Sucursal en España (NIF: W0371455G)

3. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación dun seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025. (Expte.- 2024021548).

O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 2 de maio de 2024 efectuou a apertura do sobre “A”, do procedemento aberto convocado para a contratación dun *Seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025*, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros (NIF: A60917978).
- Caja de Seguros Reunidos, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. (CASER) (NIF: A28013050)
- Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. (NIF: A28141935)
- QBE Europe SA/NV, Sucursal en España (NIF: W0174445G)
- WR Berkley Europe AG Sucursal en España (NIF: W0371455G)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación do sobre “B” correspondente aos criterios avaliables automaticamente presentada polas empresas admitidas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

AXA SEGUROS GENERALES, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A60917978).

1. Prima **total anual** ofertada: 75.705,00 €
2. Criterios cualitativos avaliables mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:

a. Redución de Franquías previstas :

- a.1.- Redución da franquía máxima xeral aplicable por sinistro (1.500 €).

Redución de Franquía OFERTADA	Importe franquía OFERTADA
1.000,00 €	500,00 €

- a.2.- Redución da franquía máxima específica para danos producidos polas instalacións destinadas a distribución xeral e acometida dos servizos de auga ou obras por sinistro (1.500 €)

Redución de Franquía OFERTADA	Importe franquía OFERTADA
1.000,00 €	500,00 €

b. Ampliación de límites e sublímites de indemnización:



- Importe de incremento ofertado do límite de indemnización por sinistro e anualidade sobre o mínimo esixido (5.000.000,00 €): 7.000.000,00 €
- Importe de incremento ofertado do sublímite de indemnización por vítima sobre o mínimo esixido (600.000,00 €): 400.000,00 €

c. Responsabilidade civil e patrimonial derivada da protección de datos. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil derivada de protección de datos de carácter persoal con sublímite de 300.000 € por sinistro e anualidade: si

d. Responsabilidade civil publicitaria. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil publicitaria con un sublímite de 300.000 euros por sinistro e anualidade: si

CAJA DE SEGUROS REUNIDOS, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. (CASER) (NIF: A28013050)

1. Prima ***total anual*** ofertada: 85.423,35 €
2. Criterios cualitativos avaliados mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:

a. Redución de Franquías previstas :

a.1.- Redución da franquía máxima xeral aplicable por sinistro (1.500 €).

Redución de Franquía OFERTADA	Importe franquía OFERTADA
500,00 €	1.000,00 €

a.2.- Redución da franquía máxima específica para danos producidos polas instalacións destinadas a distribución xeral e acometida dos servizos de auga ou obras por sinistro (1.500 €)

Redución de Franquía OFERTADA	Importe franquía OFERTADA
500,00 €	1.000,00 €

b. Ampliación de límites e sublímites de indemnización:

- Importe de incremento ofertado do límite de indemnización por sinistro e anualidade sobre o mínimo esixido (5.000.000,00 €): 7.000.000,00 €
- Importe de incremento ofertado do sublímite de indemnización por vítima sobre o mínimo esixido (600.000,00 €): 400.000,00 €

c. Responsabilidade civil e patrimonial derivada da protección de datos. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil derivada de protección de datos de carácter persoal con sublímite de 300.000 € por sinistro e anualidade: si

d. Responsabilidade civil publicitaria. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil publicitaria con un sublímite de 300.000 euros por sinistro e anualidade: si

MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. (NIF: A28141935)

1. Prima ***total anual*** ofertada: 84.850 €
2. Criterios cualitativos avaliados mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:



a. Redución de Franquías previstas :

a.1.- Redución da franquía máxima xeral aplicable por sinistro (1.500 €).

Redución de Franquía OFERTADA	Importe franquía OFERTADA
1.000,00 €	500,00 €

a.2.- Redución da franquía máxima específica para danos producidos polas instalacións destinadas a distribución xeral e acometida dos servizos de auga ou obras por sinistro (1.500 €)

Redución de Franquía OFERTADA	Importe franquía OFERTADA
1.000,00 €	500,00 €

b. Ampliación de límites e sublímites de indemnización:

- Importe de incremento ofertado do límite de indemnización por sinistro e anualidade sobre o mínimo esixido (5.000.000,00 €): 3.000.000 €
- Importe de incremento ofertado do sublímite de indemnización por vítima sobre o mínimo esixido (600.000,00 €): 150.000 €

c. Responsabilidade civil e patrimonial derivada da protección de datos. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil derivada de protección de datos de carácter persoal con sublímite de 300.000 € por sinistro e anualidade: si.

d. Responsabilidade civil publicitaria. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil publicitaria con un sublímite de 300.000 euros por sinistro e anualidade: si.

QBE EUROPE S/ANV, SUCURSAL EN ESPAÑA (NIF: W0174445G)

1. Prima **total anual** ofertada: 78.863,00 €
2. Criterios cualitativos avaliados mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:

a. Redución de Franquías previstas :

a.1.- Redución da franquía máxima xeral aplicable por sinistro (1.500 €).

Redución de Franquía OFERTADA	Importe franquía OFERTADA
500,00 €	1.000,00 €

a.2.- Redución da franquía máxima específica para danos producidos polas instalacións destinadas a distribución xeral e acometida dos servizos de auga ou obras por sinistro (1.500 €)

Redución de Franquía OFERTADA	Importe franquía OFERTADA
500,00 €	1.000,00 €

b. Ampliación de límites e sublímites de indemnización:

Importe de incremento ofertado do límite de indemnización por sinistro e anualidade sobre o mínimo esixido (5.000.000,00 €): 2.500.000 €

Importe de incremento ofertado do sublímite de indemnización por vítima sobre o mínimo esixido (600.000,00 €): 150.000 €



c. Responsabilidade civil e patrimonial derivada da protección de datos. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil derivada de protección de datos de carácter persoal con sublímite de 300.000 € por sinistro e anualidade: non.

d. Responsabilidade civil publicitaria. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil publicitaria con un sublímite de 300.000 euros por sinistro e anualidade: si.

WR BERKLEY EUROPE AG SUCURSAL EN ESPAÑA (NIF: W0371455G)

1. Prima **total anual** ofertada: 74.082,75 €
2. Criterios cualitativos avaliados mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:

a. Redución de Franquías previstas :

a.1.- Redución da franquía máxima xeral aplicable por sinistro (1.500 €).

Redución de Franquía OFERTADA	Importe franquía OFERTADA
1.000,00 €	500,00 €

a.2.- Redución da franquía máxima específica para danos producidos polas instalacións destinadas a distribución xeral e acometida dos servizos de auga ou obras por sinistro (1.500 €)

Redución de Franquía OFERTADA	Importe franquía ofertada
1.000,00 €	500,00 €

b. Ampliación de límites e sublímites de indemnización:

Importe de incremento ofertado do límite de indemnización por sinistro e anualidade sobre o mínimo esixido (5.000.000,00 €): 7.500.000 €

Importe de incremento ofertado do sublímite de indemnización por vítima sobre o mínimo esixido (600.000,00 €): 400.000 €

c. Responsabilidade civil e patrimonial derivada da protección de datos. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil derivada de protección de datos de carácter persoal con sublímite de 300.000 € por sinistro e anualidade: si

d. Responsabilidade civil publicitaria. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil publicitaria con un sublímite de 300.000 euros por sinistro e anualidade: si.

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.



4. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B”, correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun Club de produto da lamprea do destino Condado Paradanta “Unha terra entre ríos” no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de recuperación transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generación EU. (Expte.- 2023072624).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024001949 de data 08/03/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de creación e posta en marcha dun club de produto da lamprea do destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generation EU. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/03/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 04/04/2024, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa, e a continuación a apertura do sobre B que contiña a documentación técnica.

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

- Hidria ciencia, ambiente y desarrollo SL (CIF B-36.974.988)
- Estrategia y organización SA (CIF A-36.196.418)
- Deloitte Consulting SLU (CIF B-81.690.471)
- Open Minds -Open ideas SL (CIF B-57.614.141)
- Sherpa Project SL (CIF B- 70.159.660)
- Auren Consultores SLP (CIF B-87.352.340)

Así mesmo acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” que presentaron as empresas admitidas, ao Servizo de Turismo Rías Baixas ao obxecto de que o persoal técnico do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas emitiu informe de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor con CSV (BZKWJP31SG4P1GBU) sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:



Empresas licitadoras:	SHERPA PROJECT, S.L.	OPEN MINDS-OPEN IDEAS, S.L.	HIDRIA CIENCIA AMBIENTE Y DESARROLLO, S.L.	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A.	DELOITTE CONSULTING, S.L.U.	AUREN CONSULTORES SP, S.L.P.
Criterios de valoración						
1. Plan de ejecución. (Máx 15 puntos)	10	4	4	10,55	13,25	5
2. Seguemento e xestión do proxecto. (Max 13 puntos)	11,25	7,50	9	7	8,75	10,25
3. Proposta de actividades. (max 12 puntos)	9,50	1	4	10,75	11,50	1
TOTAL	30,75	12,50	17	28,30	33,50	16,25

A Mesa de Contratación en base ó citado informa acorda:

1.- Prestar conformidade as citadas puntuacións.

2.- Que non se proceda á apertura do sobre “C”, correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos ao non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (20,00 puntos), das seguintes empresas:

-Open Minds -Open ideas SL (CIF B-57.614.141)

-Hidria ciencia, ambiente y desarrollo SL (CIF B-36.974.988)

-Auren Consultores SLP (CIF B-87.352.340)

5. Apertura electrónica dos sobres “C” correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun Club de produto da lamprea do destino Condado Paradanta “Unha terra entre ríos” no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de recuperación transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generación EU. (Expte.- 2023072624).

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada no sobre “B” polas empresas admitidas ao procedemento aberto sendo estas as seguintes:

Empresas licitadoras:	SHERPA PROJECT, S.L.	OPEN MINDS-OPEN IDEAS, S.L.	HIDRIA CIENCIA AMBIENTE Y DESARROLLO, S.L.	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A.	DELOITTE CONSULTING, S.L.U.	AUREN CONSULTORES SP, S.L.P.
Criterios de valoración						
1. Plan de ejecución. (Máx 15 puntos)	10	4	4	10,55	13,25	5
2. Seguemento e xestión do proxecto. (Max 13 puntos)	11,25	7,50	9	7	8,75	10,25
3. Proposta de actividades. (max 12 puntos)	9,50	1	4	10,75	11,50	1
TOTAL	30,75	12,50	17	28,30	33,50	16,25



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descrición e descarga da documentación presentada no sobre "C" das empresas que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (20,00 puntos), sendo os valores ofertados os seguintes:

-Sherpa Project SL (CIF B- 70.159.660)

Prezo total ofertado (sen iva):

Importe sen o IVE:	73.945,00 €
IVE (21 %):	15.528,45 €
Importe total ofertado:	89.473,45 €

-Deloitte Consulting SLU (CIF B-81.690.471)

Prezo total ofertado (sen iva):

Importe sen o IVE:	59.920,81 €
IVE (21 %):	12.583,37 €
Importe total ofertado:	72.504,18 €

-Estrategia y organización SA (CIF A-36.196.418)

Prezo total ofertado (sen iva):

Importe sen o IVE:	63.212,24 €
IVE (21 %):	13.274,57 €
Importe total ofertado:	76.486,81 €

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e dez minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

